

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Xunto a este tríptico achégase unha declaración responsable (ver modelo debaixo) que deberá ser asinada polos proxenitores/titores legais e entregada polo alumnado ao inicio do curso escolar.

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE		
D./Dª	_____ con DNI	
número _____	como pai/nai/titor legal do alumno/a	matriculado no curso _____
_____ do centro educativo _____		
DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON envialo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.</li> <li>- se alguma persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.</li> </ul>		
En _____	a _____ de _____	de 2020.
ASDO. _____		

## MÁIS INFORMACIÓN DE INTERESE

### - Aceso ao protocolo Covid do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesasbizocas/>

### - Medidas coronavirus Consellería Educación:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>

### - WhatsApp ANPA Seixeliño do IES As Bizocas

## ENQUISA CLÍNICO-EPIDEMIOLÓXICA

Diante da aparición de polo menos un dos síntomas da enquisa clínico-epidemiolóxica (ver modelo debaixo), os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta médica.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Tose seca	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outros síntomas	Dificultade respiratoria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Fatiga severa (cansazo)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Dor muscular	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Falta de olfacto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Falta de gusto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Diarrea	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

_____		SI	NON
Tivo CONTACTO	cunha persoa COVID-19 + confirmado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

## CANLES DE COMUNICACIÓN

### - Correo electrónico:

[ies.asbizocas@edu.xunta.gal](mailto:ies.asbizocas@edu.xunta.gal)

### - Teléfono de urxencias:

886 15 14 20

### - Abalarmóbil




## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

## INFORMACIÓN COVID-19

### CURSO 2020/2021

### IES AS BIZOCAS



### IES AS BIZOCAS

Apdo. Correos 135 - 36980 O Grove (PO)

Telf. 886 15 14 20 - Fax 866 15 14 27

[ies.asbizocas@edu.xunta.gal](mailto:ies.asbizocas@edu.xunta.gal)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesasbizocas/>



## NORMAS XERAIS

1. O uso da máscara é obligatorio para todo o alumnado, durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos do centro.
2. Do mesmo modo, será obriga do alumnado levar unha **segunda máscara de recambio**; así como **dúas fundas** específicas para gardalas e **xel hidroalcólico** para a hixiene das mans.
3. No caso de non poder facer uso da máscara, o alumno ou alumna deberá presentar a **acreditación** pertinente asinada por un **médico**.
4. O alumnado entrará só no recinto escolar.
5. As **familias** non poderán acceder ao centro. Para facelo, deberán solicitar **cita previa**.
6. As titorías e **comunicación** coas familias realizaranse **preferentemente** de forma **telemática**.
7. O alumnado non compartirá material de uso **propio**, sendo **recomendable** rotular as súas pertenzas.
8. Do mesmo xeito, **non poderán deixar no centro** material, libros, roupa ou calquera outro obxecto persoal ao remate da xornada lectiva.
9. Antes de saír da casa, o alumnado deberá realizar unha **autoavaluación dos síntomas da COVID-19**, e unha obrigada **medición de temperatura** (ver enquisa).
10. O alumnado deberá presentar nos primeiros días de asistencia ao centro unha **declaración responsable** asinada polos seus proxenitores ou titores legais na que se comprometen á realización de dita autoavaluación .

## NORMAS XERAIS

11. Non asistirá ao centro aquel **alumnado** que teña **síntomas** compatibles coa COVID-19.
12. Tampouco acudirá aquel alumnado **que conviva con persoas con sospeita clínica** de padecer a COVID-19 **ata que se fagan a proba**, o resultado **sexa negativo** e se comunique ao centro.
13. No caso de que o alumno ou alumna presente algún síntoma compatible coa COVID-19 durante a súa estancia no centro, avisarase de inmediato á familia, que deberá acudir á maior brevidade a recollelo/a.
14. No caso de que se interrompa a actividade lectiva como consecuencia dun **abrocho**, aplicarase o **Plan de Continxencia**, presente no Protocolo de adaptación á COVID-19.
15. Terán consideración de **faltas** contrarias á convivencia os supostos de **incumprimento** polo alumnado do uso da máscara e das instrucións do profesorado en aplicación do **protocolo** de adaptación á COVID-19.

## CALENDARIO DE INICIO DO CURSO

Mércores 23	1º e 2º de ESO	8:30
Xoves 24	3º de ESO	8:30
Vernes 25	4º de ESO	8:30

Dende o primeiro día estará dispoñible o **transporte escolar** e seguirase o **horario lectivo habitual**.

## TRANSPORTE ESCOLAR

- Poderán ocuparse todas as prazas do autobús coa obriga do emprego de máscara.
- Os/As acompañantes da empresa de transporte velarán por que todos os ocupantes leven posta a máscara.
- Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para unha mellor trazabilidade dos contactos.

## ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado accederá só ao recinto e desinfectará as mans na porta de entrada onde haberá xel hidroalcólico.
- A entrada ao centro realizarase por orde de chegada (autobús/coche...) e subirse directamente á aula ordinaria pola escala máis próxima a esta.
- A saída do centro, ao final da xornada lectiva, organizarase do seguinte xeito tras soar o timbre: primeiro sairá ao patio cuberto o alumnado das aulas da planta baixa, a continuación sairá o alumnado da segunda planta, empezando polos extremos e baixando sempre pola escala máis próxima á súa aula, e por último, baixarán os da primeira planta.
- No caso de non estar os autobuses, o alumnado esperará no patio cuberto na fila correspondente na mesma orde en que ocupan os asentos do autobús.